



MCL/JDA/amld

## RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA POLA QUE SE CONVOCA, CON CARÁCTER EXTRAORDINARIO, AS PROBAS ESPECÍFICAS DE ACCESO AOS NIVEIS I E II DE GRAO MEDIO DAS ENSINANZAS CONDUCENTES AO TÍTULO DE TÉCNICO DEPORTIVO NA MODALIDADE MEDIA MONTAÑA.

Pola Orde do 29 de xaneiro de 2018 (DOG 14 de febreiro) autorízase ao Centro Autorizado de Ensinanzas Deportivas SAFE EDUCACIÓN E FORMACIÓN S.L, de Ourense para impartir as ensinanzas conducentes ao título de técnico e técnico deportivo superior nas modalidades de Montaña e Escalada.

O Real Decreto 318/2000, de 3 de marzo, establece os títulos de técnico deportivo e técnico deportivo superior nas especialidades dos Deportes de Montaña e Escalada, se aproban as correspondentes ensinanzas mínimas e se regulan as probas e os requisitos de acceso a estas ensinanzas (BOE do 25 de marzo).

A Orde ECI/858/2005, do 28 de marzo, establece para o ámbito territorial de xestión directa do Ministerio de Educación e Ciencia, os currículos e as probas e requisitos de acceso correspondentes aos títulos de Técnico Deportivo e de Técnico Deportivo Superior dos Deportes de Montaña e Escalada (BOE 7 do abril). O currículo establecido nesta orde considerárase como normativa supletoria de aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia, no entanto non se publique o desenvolvemento curricular para o ámbito territorial galego; sendo a carga horaria establecida para os distintos módulos que integran estas a que aparece anexa a esta resolución.

Con data do 23 de maio de 2018, e de acordo co establecido coa citada orde de autorización, a Xefatura Territorial de Ourense aprobou expresamente a relación de persoal que impartirá docencia no devandito centro, así como o equipamento adecuado, estando, pois, en situación de poder iniciar a súa actividade docente.

Por Resolución do 27 de maio de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, convócanse probas de acceso ás ensinanzas deportivas para o curso 2019/2020 (DOG do 7 de xuño). Nesta resolución non están recollidas ás probas específicas de acceso á modalidade de Media Montaña.

Con datos de rexistros de entrada do 7 de maio de 2019 e do 14 de xaneiro de 2020, o centro autorizado CAD SAFE EDUCACIÓN E FORMACIÓN solicitou autorización para a realización das probas específicas de acceso aos niveis I e II do grao medio na especialidade de Media Montaña perante esta dirección xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

Tendo en conta o anterior, e co obxecto de garantir o acceso aos potenciais aspirantes para cursar as citadas ensinanzas, esta Dirección Xeral **RESOLVE**

1.- Convocar as probas específicas de acceso aos Niveis I e II correspondentes ao título de Técnico deportivo na especialidade deportiva de Media Montaña, que se realizarán de acordo ao seguinte:

- As probas terán lugar en Cabeza de Manzaneda, Ourense, os **días 5 e 6 de marzo do 2020, a partir das 09:00 horas**.
- So poderán inscribirse na proba específica os/as aspirantes que reúnan os requisitos académicos establecidos para poder cursar estas ensinanzas.
- A inscrición para a realización das ditas probas deberá formalizarse na secretaría do CIFP A Farixa (Rúa Finca Farixa s/n, Mariñamansa, Ourense 32005) ata o día **3 de marzo**, presentando a documentación establecida na citada *Resolución do 27 de maio de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, convócanse probas de acceso ás ensinanzas deportivas para o curso 2019/2020*, e logo de aboar os prezos públicos establecidos para este tipo de probas no Decreto 89/2013, do 13 de xuño.
- A listaxe de admitidos/as e a distribución dos aspirantes en función das probas publicarase o **4 de marzo** no taboleiro de anuncios e na páxina web do CIFP A Farixa.
- A listaxe de aspirantes que superen as probas publicarase o día **9 de marzo** no taboleiro de anuncios e páxina web do CIFP A Farixa.
- As reclamación aos resultados das probas realizarase ata o día **11 de marzo** a través da secretaría do citado CIFP.
- Os/as integrantes dos tribunais percibirán as correspondentes compensacións económicas polas actividades realizadas, conforme o disposto no *Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón do servizo do persoal con destino na Administración autonómica de Galicia, ou norma que o substitúa*.
- As probas serán administradas, avaliadas e cualificadas por un tribunal que estará integrado polos seguintes membros:

Presidente: Marcos Antonio Fernández Álvarez (inspector de Educación)

Secretario: Miguel Aragón Fiteira

Vogal: Luis Torija Gaitero

O director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Manuel Corredoira López



**Carga horaria das ensinanzas correspondentes ao título de grao medio na especialidade de Media Montaña**

<b>Primeiro nivel (Común para todas as especialidades dos deportes de montaña e escalada)</b>	<b>Horas Teóricas</b>	<b>Horas Prácticas</b>
<b>Bloque común:</b>		
Bases anatómicas e fisiolóxicas do deporte	15	-
Bases psicopedagóxicas da ensinanza e do adestramento	10	5
Adestramento deportivo	10	10
Fundamentos sociolóxicos do deporte	5	-
Organización e lexislación do deporte	5	-
Primeiros auxilios e hixiene no deporte	30	15
Teoría e socioloxía do deporte	-	-
<b>Carga horaria do bloque</b>		<b>105</b>
<b>Bloque específico:</b>		
Desenvolvemento profesional	5	-
Formación técnica do montañismo	15	60
Medio ambiente de montaña	5	20
Seguridade no montañismo	10	25
<b>Carga horaria do bloque</b>		<b>140</b>
<b>Bloque Complementario</b>		<b>25</b>
<b>Bloque de Formación Práctica.</b>		<b>150</b>
<b>Carga horaria total 1º Nivel</b>		<b>420</b>
<b>Segundo nivel. Técnico deportivo en Media Montaña</b>		
	<b>Horas Teóricas</b>	<b>Horas Prácticas</b>
<b>Bloque común:</b>		
Bases anatómicas e fisiolóxicas do deporte II	25	5
Bases psicopedagóxicas da ensinanza e do adestramento II	15	5
Adestramento deportivo II	15	15
Organización e lexislación do deporte II	5	-
Teoría e socioloxía do deporte II	10	-
<b>Carga horaria do bloque.</b>		<b>95</b>
<b>Bloque específico:</b>		
Condución na media montaña	5	35
Desenvolvemento profesional do Técnico da especialidade	10	-
Adestramento do montañismo	5	5
Formación técnica da progresión na montaña	5	65
Medio ambiente de montaña II	5	60
Seguridade na modalidade deportiva	5	15
<b>Carga horaria do bloque</b>		<b>215</b>
<b>Bloque Complementario</b>		<b>45</b>
<b>Bloque de Formación Práctica</b>		<b>200</b>
<b>Carga horaria total 2º Nivel</b>		<b>555</b>
<b>Carga horaria TOTAL TÍTULO:</b>		<b>975 HORAS</b>

